

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026376	Punta Candieira	Cedeira	2024/2025

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CSADG01	Administración e finanzas	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0654	Contabilidade e fiscalidade	2024/2025	0	157	0
MP0654_13	Contabilidade	2024/2025	0	97	0
MP0654_23	Fiscalidade	2024/2025	0	30	0
MP0654_33	Análise de estados contables e auditoría	2024/2025	0	30	0

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	CRISTINA FERRO SABIO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0654_33) RA1 - Elabora informes de análise sobre a situación económico-financeira e patrimonial dunha empresa, interpretando os estados contables.
(MP0654_13) RA1 - Contabiliza en soporte informático os feitos contables derivados das operacións de transcendencia económico-financeiras dunha empresa, cumprindo os criterios establecidos no Plan Xeral de Contabilidade (PXC).
(MP0654_23) RA1 - Realiza a tramitación das obrigas fiscais e contables relativas ao imposto de actividades económicas, ao de sociedades e ao imposto sobre a renda das persoas físicas, aplicando a normativa de carácter mercantil e fiscal.
(MP0654_13) RA2 - Rexistra contablemente as operacións derivadas do fin do exercicio económico con base na información e na documentación dun ciclo económico completo, aplicando os criterios do PXC e a lexislación.

#### 2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0654_13) CA1.1 Comprobase a correcta instalación das aplicacións informáticas e o seu funcionamento.
(MP0654_33) CA1.1 Definíronse as funcións das análises económico-financeira, patrimonial e de tendencia e proxección, e establecéronse as súas diferenzas.
(MP0654_23) CA1.1 Analizouse a normativa fiscal e as normas aplicables en cada tipo de imposto.
(MP0654_13) CA1.2 Seleccionáronse as prestacións, as funcións e os procedementos das aplicacións informáticas que cumpra empregar para a contabilización.
(MP0654_33) CA1.2 Seleccionouse a información salientable para a análise dos estados contables que a proporcionan.
(MP0654_23) CA1.2 Seleccionáronse os modelos establecidos pola Facenda pública para atender o procedemento de declaración-liquidación dos impostos.
(MP0654_13) CA1.3 Caracterizáronse as definicións e as relacións contables fundamentais establecidas nos grupos, nos subgrupos e nas contas principais do PXC
(MP0654_33) CA1.3 Identificáronse os instrumentos de análise máis significativos e describiuse a súa función.

**Crterios de avaliación do currículo**

(MP0654\_23) CA1.3 Identifícanse os prazos establecidos pola Facenda pública para cumprir as obrigas fiscais.

(MP0654\_13) CA1.4 Rexístranse, en asentos por partida dobre, as operacións máis habituais relacionadas cos grupos de contas descritos anteriormente.

(MP0654\_33) CA1.4 Calculáronse as diferenzas, as porcentaxes, os índices e as razóns máis salientables para a análise económica, financeira e de tendencia e proxección.

(MP0654\_23) CA1.4 Realizáronse os cálculos oportunos para cuantificar os elementos tributarios dos impostos que gravan a actividade económica.

(MP0654\_13) CA1.5 Clasifícanse os tipos de documentos mercantís que esixe o PXC, indicando a clase de operación que representan.

(MP0654\_33) CA1.5 Realízouse un informe sobre a situación económico-financiera da empresa derivada dos cálculos realizados, en comparación cos exercicios anteriores e coa media do sector.

(MP0654\_23) CA1.5 Cubriuse a documentación correspondente á declaración-liquidación dos impostos utilizando aplicacións informáticas de xestión fiscal.

(MP0654\_13) CA1.6 Verifícase o traspaso da información entre as fontes de datos contables.

(MP0654\_33) CA1.6 Obtivéronse conclusións con respecto á liquidez, a solvencia, a estrutura financeira e as rendibilidade da empresa.

(MP0654\_13) CA1.7 Identifícase a estrutura e o xeito de elaboración do balance de comprobación de sumas e saldos.

(MP0654\_33) CA1.7 Valorouse a importancia da análise dos estados contables para a toma de decisións na empresa e a súa repercusión con respecto aos implicados nesta (stakeholders).

(MP0654\_13) CA1.8 Realizáronse copias de seguridade para a salvagarda dos datos.

(MP0654\_33) CA1.8 Utilizáronse as aplicacións informáticas correspondentes.

(MP0654\_13) CA2.1 Calculáronse e contabilizáronse as correccións de valor que proceda.

(MP0654\_13) CA2.2 Recoñecéronse os métodos de amortización máis habituais.

(MP0654\_13) CA2.3 Realizáronse os cálculos derivados da amortización do inmovilizado.

(MP0654\_13) CA2.4 Dotáronse as amortizacións que proceda segundo a amortización técnica proposta.

(MP0654\_13) CA2.5 Realizáronse os asentos derivados da periodización contable.

Criterios de avaliación do currículo
(MP0654_13) CA2.6 Obtívose o resultado por medio do proceso de regularización.
(MP0654_13) CA2.7 Rexistrouse a distribución do resultado segundo as normas e as indicacións propostas.
(MP0654_13) CA2.8 Rexistráronse en soporte informático os feitos contables e fiscais que se xeran nun ciclo económico completo e contidas nos documentos soporte.
(MP0654_13) CA2.9 Rexistráronse nos libros obrigatorios da empresa todas as operacións derivadas do exercicio económico que sexan necesarias.
(MP0654_13) CA2.10 Realizáronse copias de seguridade para a salvagarda dos datos.

## 2.2. Segunda parte da proba

### 2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0654_23) RA1 - Realiza a tramitación das obrigas fiscais e contables relativas ao imposto de actividades económicas, ao de sociedades e ao imposto sobre a renda das persoas físicas, aplicando a normativa de carácter mercantil e fiscal.
(MP0654_33) RA2 - Caracteriza o proceso de auditoría na empresa e describe o seu propósito dentro do marco normativo español.
(MP0654_13) RA3 - Confecciona as contas anuais e verifica os trámites para o seu depósito no Rexistro Mercantil, aplicando a lexislación mercantil.

### 2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0654_23) CA1.6 Xeráronse os ficheiros necesarios para a presentación telemática dos impostos, con valoración da eficiencia desta vía.
(MP0654_23) CA1.7 Relacionáronse os conceptos contables cos aspectos tributarios.
(MP0654_23) CA1.8 Diferenciouse entre resultado contable e resultado fiscal, e especificáronse os procedementos para a conciliación de ambos.
(MP0654_23) CA1.9 Contabilizáronse os feitos contables relacionados co cumprimento das obrigas fiscais, incluíndo os axustes fiscais correspondentes.

**Crterios de avaliación do currículo**

(MP0654\_23) CA1.10 Descríbóronse e cuantificáronse as consecuencias da falta de rigor no cumprimento das obrigas fiscais.

(MP0654\_33) CA2.1 Delimitouse o concepto de auditoría, as súas clases (interna e externa) e o seu propósito.

(MP0654\_33) CA2.2 Sinaláronse os órganos e a normativa que atinxen a auditoría en España.

(MP0654\_33) CA2.3 Verificáronse as facultades e as responsabilidades dos auditores.

(MP0654\_33) CA2.4 Estableceuse a secuencia das fases dun proceso de auditoría e os fluxos de información que se xeran en cada un.

(MP0654\_33) CA2.5 Determináronse as partes dun informe de auditoría.

(MP0654\_33) CA2.6 Valorouse a importancia da obrigatoriedade dun proceso de auditoría.

(MP0654\_33) CA2.7 Valorouse a importancia da colaboración do persoal da empresa nun proceso de auditoría.

(MP0654\_33) CA2.8 Recoñecéronse as tarefas que debe realizar a empresa nun proceso de auditoría interna ou externa.

(MP0654\_33) CA2.9 Contabilizáronse os axustes e as correccións contables derivadas de propostas do informe de auditoría.

(MP0654\_13) CA3.1 Determinouse a estrutura da conta de perdas e ganancias, diferenciando os tipos de resultado que integran.

(MP0654\_13) CA3.2 Determinouse a estrutura do balance de situación indicando as relacións entre as epígrafes.

(MP0654\_13) CA3.3 Estableceuse a estrutura da memoria, o estado de cambios no patrimonio e o estado de fluxos de efectivo.

(MP0654\_13) CA3.4 Confeccionáronse as contas anuais aplicando os criterios do PXC e utilizáronse as aplicacións informáticas correspondentes.

(MP0654\_13) CA3.5 Determináronse os libros contables obxecto de legalización para a súa presentación ante os organismos correspondentes.

(MP0654\_13) CA3.6 Verificáronse os prazos de presentación legalmente establecidos nos organismos oficiais correspondentes.

(MP0654\_13) CA3.7 Cubríronse os formularios de acordo coa lexislación mercantil, utilizando aplicacións informáticas.

(MP0654\_13) CA3.8 Comprobose a veracidade e a integridade da información contida nos ficheiros xerados pola aplicación informática.

**Criterios de avaliación do currículo**

(MP0654\_13) CA3.9 Valorouse a importancia das contas anuais como instrumentos de comunicación interna e externa, e información pública.

(MP0654\_13) CA3.10 Realizáronse copias de seguridade para a salvagarda dos datos.

(MP0654\_13) CA3.11 Valorouse a aplicación das normas de protección de datos no proceso contable.

**3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación****MÍNIMOS ESIXIBLES**

UD 1.- Contabilidade das operacións comerciais, das relacionadas coa Administración Pública e co personal.

CA 1.3 Caracterizáronse as definicións e as relacións contables fundamentais establecidas nos grupos, nos subgrupos e nas contas principais do PXC

CA 1.4 Rexistráronse, en asentos por partida dobre, as operacións máis habituais relacionadas cos grupos de contas descritos anteriormente.

CA 1.5 Clasificáronse os tipos de documentos mercantís que esixe o PXC, indicando a clase de operación que representan.

CA 1.6 Verificouse o traspaso da información entre as fontes de datos contables.

CA 1.7 Identificouse a estrutura e o xeito de elaboración do balance de comprobación de sumas e saldos.

CA 2.1 Calculáronse e contabilizáronse as correccións de valor que procedan.

CA 2.9 Rexistráronse nos libros obrigatorios da empresa todas as operacións derivadas do exercicio económico que sexan necesarias.

CA 2.10 Realizáronse copias de seguridade para a salvagarda dos datos.

UD 2.- Contabilidade das operacións de inmovilizado. Valoración de activos e pasivos financeiros. Operacións previas a regularización. Periodificación. Resultado do exercicio.

CA 1.3 Caracterizáronse as definicións e as relacións contables fundamentais establecidas nos grupos, nos subgrupos e nas contas principais do PXC

CA 1.4 Rexistráronse, en asentos por partida dobre, as operacións máis habituais relacionadas cos grupos de contas descritos anteriormente.

CA 1.7 Identificouse a estrutura e o xeito de elaboración do balance de comprobación de sumas e saldos.

CA 2.1 Calculáronse e contabilizáronse as correccións de valor que proceda.

CA 2.2 Recoñécéronse os métodos de amortización máis habituais.

CA 2.3 Realizáronse os cálculos derivados da amortización do inmovilizado.

CA 2.4 Dotáronse as amortizacións que proceda segundo a amortización técnica proposta.

CA 2.5 Realizáronse os asentos derivados da periodización contable.

CA 2.6 Obtívose o resultado por medio do proceso de regularización.

CA 2.7 Rexistrouse a distribución do resultado segundo as normas e as indicacións propostas.

CA 2.8 Rexistráronse en soporte informático os feitos contables e fiscais que se xeran nun ciclo económico completo e contidas nos documentos soporte.

CA 2.9 Rexistráronse nos libros obrigatorios da empresa todas as operacións derivadas do exercicio económico que sexan necesarias.

UD 3 Presentación das contas anuais. Simulación en soporte informático dun exercicio económico.

CA 3.1 Determinouse a estrutura da conta de perdas e ganancias, diferenciando os tipos de resultado que integran.

CA 3.2 Determinouse a estrutura do balance de situación indicando as relacións entre as epígrafes.

CA 3.3 Estableceuse a estrutura da memoria, o estado de cambios no patrimonio e o estado de fluxos de efectivo.

CA 3.4 Confeccionáronse as contas anuais aplicando os criterios do PXC e utilizáronse as aplicacións informáticas correspondentes.

CA 3.5 Determináronse os libros contables obxecto de legalización para a súa presentación ante os organismos correspondentes.

CA 3.6 Verificáronse os prazos de presentación legalmente establecidos nos organismos oficiais correspondentes.

CA 3.7 Cubríronse os formularios de acordo coa lexislación mercantil, utilizando aplicacións informáticas.

UD 4 Impostos locais. Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas. Imposto sobre Sociedades.

CA 1.1 Analizouse a normativa fiscal e as normas aplicables en cada tipo de imposto.

CA 1.2 Seleccionáronse os modelos establecidos pola Facenda pública para atender o procedemento de declaración-liquidación dos impostos.

CA 1.3 Identificáronse os prazos establecidos pola Facenda pública para cumprir as obrigas fiscais.

CA 1.4 Realizáronse os cálculos oportunos para cuantificar os elementos tributarios dos impostos que gravan a actividade económica.

CA 1.5 Cubriuse a documentación correspondente á declaración-liquidación dos impostos utilizando aplicacións informáticas de xestión fiscal.

CA 1.6 Xeráronse os ficheiros necesarios para a presentación telemática dos impostos, con valoración da eficiencia desta vía.

CA 1.7 Relacionáronse os conceptos contables cos aspectos tributarios.



CA 1.8 Diferenciouse entre resultado contable e resultado fiscal, e especificáronse os procedementos para a conciliación de ambos.

CA 1.9 Contabilizáronse os feitos contables relacionados co cumprimento das obrigas fiscais, incluíndo os axustes fiscais correspondentes.

CA 1.10 Describíronse e cuantificáronse as consecuencias da falta de rigor no cumprimento das obrigas fiscais.

#### UD 5 Análise da situación económico-financeira e patrimonial da empresa

CA 1.1 Definíronse as funcións das análises económico-financeira, patrimonial e de tendencia e proxección, e establecéronse as súas diferenzas.

CA 1.2 Seleccionouse a información salientable para a análise dos estados contables que a proporcionan.

CA 1.3 Identificáronse os instrumentos de análise máis significativos e describiuse a súa función.

CA 1.4 Calculáronse as diferenzas, as porcentaxes, os índices e as razóns máis salientables para a análise económica, financeira e de tendencia e proxección.

CA 1.5 Realizouse un informe sobre a situación económico-financeira da empresa derivada dos cálculos realizados, en comparación cos exercicios anteriores e coa media do sector.

CA 1.6 Obtivéronse conclusións con respecto á liquidez, a solvencia, a estrutura financeira e as rendibilidade da empresa.

CA 1.7 Valorouse a importancia da análise dos estados contables para a toma de decisións na empresa e a súa repercusión con respecto aos implicados nesta (stakeholders).

#### UD 6 O proceso de auditoría na empresa

CA 2.1 Delimitouse o concepto de auditoría, as súas clases (interna e externa) e o seu propósito.

CA 2.2 Sinaláronse os órganos e a normativa que atinxen a auditoría en España.

CA 2.3 Verificáronse as facultades e as responsabilidades dos auditores.

CA 2.4 Estableceuse a secuencia das fases dun proceso de auditoría e os fluxos de información que se xeran en cada un.

CA 2.5 Determináronse as partes dun informe de auditoría.

CA 2.6 Valorouse a importancia da obrigatoriedade dun proceso de auditoría.

CA 2.7 Valorouse a importancia da colaboración do persoal da empresa nun proceso de auditoría.

CA 2.8 Recoñecéronse as tarefas que debe realizar a empresa nun proceso de auditoría interna ou externa.

CA 2.9 Contabilizáronse os axustes e as correccións contables derivadas de propostas do informe de auditoría.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Para superar positivamente o módulo profesional aplicaranse os seguintes criterios de avaliación:



- Realizáranse dúas probas obxectivas de coñecemento das unidades didácticas con contido teórico e práctico respectivamente. Estas probas serán puntuadas entre 0 e 10 puntos, debendo obterse unha nota mínima de 5 puntos en cada unha das dúas partes. Ademais, será requisito necesario para poder realizar a proba práctica ter superado a proba teórica cunha nota mínima de 5 puntos.

A realización da/s proba/s farase baixo o que se fixa na Orde da Convocatoria de Probas libres do curso 2024/2025 (que se publicará en prazo e data a determinar pola Consellería),

#### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

##### 4.a) Primeira parte da proba

Contestar un cuestionario con cuestións sobre o currículo que poderán ser tipo test con resposta múltiple, de completar frase ou de verdadeiro/falso.

O tempo para realización da proba será de 1,5 horas. A nota resultante ponderarase o 20 % da calificación final do módulo.

Para a realización desta proba so se poderá empregar bolígrafo azul ou negro.

Durante a realización das diferentes probas escritas, non se poderá levar enriba, nin dentro dos petos da roupa, ningún tipo de dispositivo electrónico (móviles, reloxos e pulseiras intelixentes, sistemas de audición, etc.) nin reloxo analóxico. Para garantir que non se utiliza ningún sistema de escoita as persoas aspirantes, de ter o cabelo longo, deberán levalo recollido. En caso de audiófonos ou calquera outro dispositivo necesario por razóns médicas deberá presentarse o certificado médico correspondente.

Se durante a realización de calquera das probas obxectivas, o alumnado presentase algún comportamento sospeitoso de estar empregando medios ilícitos para a superación da proba (tales como movementos inadecuados, falar con compañeiras ou compañeiros, emprego de chuletas ou similares, móbil acendido durante a realización da proba, que soe o móbil,...) seralle retirada a proba nese momento, que non será cualificada (e dicir, a nota será de 0).

##### 4.b) Segunda parte da proba

Resolución de supostos prácticos de contabilidade e fiscalidade sobre o currículo do módulo. O tempo para realización da proba será de 3 horas.

Para superar a proba, deberá obterse unha calificación mínima de 5, aportando un 80% a calificación final do módulo.

Para a súa realización so se poderá empregar bolígrafo azul ou negro e calculadora científica (non programable nin tampouco calquera tipo de calculadora financeira).

Durante a realización das diferentes probas escritas, non se poderá levar enriba, nin dentro dos petos da roupa, ningún tipo de dispositivo electrónico (móviles, reloxos e pulseiras intelixentes, sistemas de audición, etc.) nin reloxo analóxico. Para garantir que non se utiliza ningún sistema de escoita as persoas aspirantes, de ter o cabelo longo, deberán levalo recollido. En caso de audiófonos ou calquera outro dispositivo necesario por razóns médicas deberá presentarse o certificado médico correspondente.

Se durante a realización de calquera das probas obxectivas, o alumnado presentase algún comportamento sospeitoso de estar empregando medios ilícitos para a superación da proba (tales como movementos inadecuados, falar con compañeiras ou compañeiros, emprego de chuletas ou similares, móbil acendido durante a realización da proba, que soe o móbil,...) seralle retirada a proba nese momento, que non será cualificada ( e dicir, a nota será de 0).

A cualificación final do módulo será numérica entre 1 e 10 sen decimais, e será a media ponderada das cualificacións obtidas en cada unha das partes , expresada en números enteiros, redondeada a unidade máis próxima se é igual ou superior a 0,5 puntos. (aos decimais inferiores a 0,5, redondearase ao enteiro inferior mais próximo).